

H O M E N A X E S

Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero

TOMO II
LITERATURA
MISCELÁNEA

REUNIDOS E EDITADOS POR
José Luís Rodríguez

PARLAMENTO DE GALICIA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ESTUDOS DEDICADOS A RICARDO CARVALHO CALERO

Reunidos e editados por
José Luís Rodríguez

TOMO II
LITERATURA
MISCELÁNEA

2000
PARLAMENTO DE GALICIA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ESTUDOS dedicados a Ricardo Carvalho Calero / reunidos e editados por José Luís Rodríguez.
– Santiago de Compostela : Parlamento de Galicia : Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 2000. – 2v. ; 24 cm. – Bibliografía. – D.L. C- 1213/2000. – ISBN 84-8121-826-X (O.C.)

I: A obra de Ricardo Carvalho Calero ; Lingüística. – 1007 p. – ISBN 84-8121-827-8 (V.1)

II: Literatura ; Miscelánea. – 1044 p. – ISBN 84-8121-828-6 (V.2)

1.Carvalho Calero, Ricardo. 2.Lingüística-Discursos, ensaios, conferencias. 3.Literatura-Discursos, ensaios, conferencias. I.Carvalho Calero, Ricardo. II.Rodríguez, José Luís, coord. III.Galicia.Parlamento, ed. IV.Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

8 : 082.2 Carvalho Calero

©UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2000

Maquetación

JESÚS M. ARANA

Deseño de cuberta

ALEJANDRO VIDAL

Edita

SERVICIO DE PUBLICACIÓN S E INTERCAMBIO CIENTÍFICO

Campus universitario sur

Imprime

IMPRESA UNIVERSITARIA

Campus universitario sur

ISBN

ISBN 84-8121-826-X (O. C.)

ISBN 84-8121-827-8 (V.1)

ISBN 84-8121-828-6 (V.2)

Dep. Leg.: C-1213/2000



Ricardo Carvalho Calero
(1910-1990)

OS CARBALLOS PONDALIANOS (SOBRE "FILLO CATIVO DA GANDRA")

Manuel Ferreiro
Universidade da Coruña

Hai loureiros alí que dan cobiza,
E carballos maiores e cerqueiros;
E cortizos alí ca súa cortiza,
E ca súa branca casca os bidueiros;
E aqueles que natura encrespa e riza,
Qu'os fillos de Breogán chaman cevreiros;
Érbedos, olmos, freixos pelegrinos,
E frescos abeneiros, e altos pinos.
["Ousinde", *Os Eoas* (RAG)]¹

CARBALLO CALERO E PONDAL

No necesario esforzo restaurador da crítica filolóxico-literaria galega da segunda metade do século XX, a figura do Profesor D. Ricardo Carballo Calero

1. Neste texto, así como nos poemas que editamos, utilizamos os mesmos criterios de edición que en *Queixumes* (vid. E. Pondal, *Poesía Galega Completa. I. Queixumes dos Pinos*. Ed. de Manuel Ferreiro, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1995), mentres que nos fragmentos manuscritos citados no corpo do texto só alteramos a caótica puntuación orixinal. Para o aparato de variantes seguimos as seguintes convencións: A, B... indican que as variantes están interliñadas por riba da redacción inicial, mentres que a, b... implican que son variantes escritas por baixo; cando existen variantes que afectan só a unha parte do verso, incluímos entre parénteses o resto para unha mellor percepción da vontade correctora do poeta. Por outra parte, os colchetes indican elementos que faltan no manuscrito ou que están apagados; as chaves ({}) indican os elementos interliñados que son esixidos na redacción inicial dun verso, os signos de procedencia e derivación (< >) son utilizados para indicar a primeira redacción reescrita posteriormente polo autor. Os arquivos en que existen autógrafos pondalianos van indicados coas siglas RAG (Real Academia Galega) e APP (Arquivo Parga Pondal).

Nesta oitava aparecen, fundamentalmente, as seguintes vacilacións de redacción: 3A: (E cortizos) de rustica (cortiza). 4A: (E ca) casca de prata (os bidueiros). 6A: Que Breogan chama cebros e cebreiros. 8A: Avelans, aveneiros, (e altos pinos). Os vv. 7-8 aínda presentan outras alternativas redaccionais con múltiples posibilidades, das cais seleccionamos unicamente tres: 1. E figueiras gentis de doces figos / D'un paladar amigo boos amigos; 2. Erbedos, olmos, freixos e sanguíños / E pinos dos que dan ardentés pi[ñ]os; 3. E piñeiros gentis de quentes piños / Q'acostuman pracer tanto aos meniños.

emerxe como o arquitecto e reconstrutor moderno dunha parte fundamental da investigación sobre a lingua e a literatura galega.

É así que ben podería ter pronunciado Don Ricardo as mesmas ou semellantes palabras que o filólogo brasileiro Celso Ferreira da Cunha, nun ámbito distante do noso, escribeu no “Prefácio” ao *Dicionário Etimológico Resumido* de Antenor Nascentes:

Arquitetos que temos sido, através dos tempos, de nosso edifício interior e exterior, sabemos, por larga e penosa experiência, que criar uma pátria e dar-lhe projeção é tarefa que depende principalmente, ou, melhor, exclusivamente do nosso esforço. É, pois, natural que nos orgulhemos, ao alongarmos a vista pelo áspero caminho percorrido, do muito que realizamos desde que o advento da nacionalidade pôs termo àqueles séculos sombrios em que vivíamos emparedados na imensa “colônia de analfabetos” [...]².

Entre a inxente produción filolóxica, no sentido máis lato do termo, de Carballo Calero, a personalidade e a obra de Eduardo Pondal, unha das figuras fundamentais da literatura contemporánea galega, ocupa un lugar de relevo: desde 1955, coa publicación dun capítulo sobre o bardo da Ponteceso en *Sete poetas galegos*³, até 1984, ano de publicación dos artigos “A meninha gaitreira e o bom bergantinhán” e mais “Sobre o helenismo de Pondal”⁴, transcorren trinta anos de labor crítico sobre a obra do autor do Himno Galego. Deste xeito, se percorrermos a bibliografía carballiana sobre o poeta bergantiñán encontraremos estudos dos seus textos líricos, mais tamén da súa épica, publicacións de textos esquecidos ou ignorados, a carón de extraordinarias páxinas de crítica literaria, artigos e capítulos fundamentais de diversas obras, xunto a libros monográficos dedicados enteiramente á obra de Eduardo Pondal⁵.

Sexa, pois, homenaxe a D. Ricardo Carballo Calero, profesor e estudioso extraordinario, patriota e nacionalista galego consciente, este percorrido polos carballos pondalianos.

2. Cf. Celso Ferreira da Cunha, “Prefácio”, in Antenor Nascentes, *Dicionário Etimológico Resumido*, Rio de Janeiro, Instituto Nacional do Livro, 1966, p. IX.

3. Vid. “Eduardo Pondal”, in *Sete poetas galegos*, Vigo, Ed. Galaxia, 1955, pp. 43-59.

4. Recollidos finalmente en *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1989, pp. 175-181 e 182-193, respectivamente.

5. Vid. “Bibliografía de Carvalho Calero”, primeiro capítulo da “Quarta parte. Bibliografía anotada”, in J. M. Martinho Montero Santalha, *Carvalho Calero e a sua obra*, Santiago de Compostela, Ed. Laiovento, 1993, pp. 211-283.

O CARBALLO NA LÍRICA PONDALIANA

Na obra pondaliana e, sobre todo, en *Queixumes dos pinos*, o piñeiro ("pino") é, certamente, a especie arbórea omnipresente ao tempo que portador de parte da carga simbólica da súa poesía⁶. Polo contrario, outras árbores ocupan un lugar bastante menos relevante na obra lírica de Pondal:

Cabo do pino achamos, moito menos mestas, outras arbres que se dan no país. As referencias son relativamente escasas. Só o carballo aparece con algunha frecuencia. Seguen o castaño (bravádigo), o avelán e a figueira, co zrexial e a macira, ísta só representada polo seu froito. Como arbore esótica temos a palmeira nun poema que garda escasa relación co espírito xeral dos *Queixumes*⁷.

Así pois, a pesar de o carballo ser a árbore céltica por excelencia⁸, ocupa un lugar secundario na obra-mestra de Pondal, se ben as alusións ás agrupacións de carballos aparecen en *Queixumes*, rexistrándose, para alén do topónimo *Carballido*, os colectivos *carballeira* e *carballedal*. Deste xeito, cítase a carballeira de Verdes na descrición da terra de Bergantiños ("a **carballeira** de Verdes, / ben preto do río, é aquela", QP 12.40-41)⁹, mentres que a forma *carballedal* se

6. Para unha visión interpretativa da función das árbores e os bosques, os piñeiros e as uces na poesía pondaliana, vid. M. Forcadela, *A poesía de Eduardo Pondal*, Vigo, Ed. do Cumio, [1995], pp. 377-297. Vid., tamén, A. Ricón Virulegio, *Estética poética de Eduardo Pondal*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1985, pp. 77-107.

7. Cf. R. Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Ed. Galaxia, 1975, 2ª ed., p. 286. Débese ter en conta que o repertorio de especies arbóreas presentado nesta *Historia* podería aumentar tendo en conta outros textos pondalianos descoñecidos na altura da redacción da obra.

8. Alúdese a este carácter do carballo nunha oitava d'Os *Eoas* ("Suidades e lembranzas"), recollida por A. Ricón (vid. Eduardo Pondal, *Novos poemas*. Limiar, transcripción e notas de ..., Vigo, Ed. Galaxia, 1971, p. 47):

O bardo solitario e vagoroso,
No noso século rudo, hé parecido
Ao **carballo** dos celtas quexumbroso,
Po-los ventos da gandra combatidos [...]

Noutros pasos da obra épica de Pondal ("Ousinde") tamén se identifica o carballo coa árbore patria (Variantes: 1A: Que me pracen (os ventos ben soantes). 2a: Da miña probe chouza na juntura):

Gratos me son os ventos ben soantes,
De doméstico albégue na juntura,
Ou nas copas dos pinos brandeantes,
Ou dos patrios **carballos** na espesura: [...] (RAG)

9. Na reprodución de textos de *Queixumes dos Pinos* seguimos a nosa edición (E. Pondal, *Poesía Galega Completa*, op. cit.), indicando o poema coa primeira cifra e o número de verso(s) coa(s) seguinte(s).

rexistra en fragmentos manuscritos de poemas inacabados¹⁰, mais tamén nas palabras do bardo Margaride cando afirma que Maroñas é “tan ligeira com’os corzos / que fogen no **carballedal**” (QP 41.65-66), ou, sobre todo, no poema 67 de *Queixumes*:

Non cantes tan tristemente,
probe e desolada nai;
non lle cantes cantos brandos
pr’adormecer o rapaz,
5 ond’está a cova do sono,
no céltico **carballedal**.
Cántalle cantos ousados,
qu’esforzado o peito fan;
cántalle o que ja cantara
10 o nobre bardo Gundar:
«A luz virá para a caduca Iberia
dos fillos de Breogán...».

Tamén n’*Os Eoas* aparecen as carballeiras; así acontece, por exemplo, nunha oitava de “Suidades e lembranzas” (con variantes: 2A: (E) sublime e barudo de maneira. 3A: (Como soe da gandra o) esquivo (vento). 4a: Entre os gallos da ruda carballeira.):

O acento de Breogan hé nobre acento,
E armonioso e forte de maneira,
Como soe da gandra o duro vento
Que se queixa na ruda carballeira [...]

10. Aparece o carballedal de Cercarido nos únicos catro versos conservados duns “Cantos célticos” que non callaron definitivamente (APP):

Salvaxe carballedal de Cercarido;
os ventos do inverno
o teu ramaxe azoutan sempiterno
con inmenso ruído

Por súa vez, estes versos, publicados por R. Carballo Calero (*Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Reunidos, prologados e anotados por..., Centro de Estudos ‘Fingoy’, Ed. Galaxia, 1965, p. 143), son tradución dos catro primeiros de “La selva de Carballido (Canto del celta del Allones)”, quinto capítulo (único conservado, no APP), de elaboración fragmentaria, dos *Cantos célticos* (en español), tamén fragmentarios (*ibid.*, pp. 124-128):

Pátria del viento Soán, salvaje y triste
Selva de Carballido; las heladas
Ráfagas del invierno impetuosas,
Troncha gimiendo tus vetustas ramas: [...]

Por outro lado, existe unha oitava d’*Os Eoas* (“Terra verde. Suidades e lembranzas. Alma mater”) que semella recoller este mesmo motivo (con variantes de redacción, entre as que seleccionamos as seguintes: 1A: Nobre (albergue dos) meus antepasados. 3A-4A: O musgo dos teus gallos tormentados, / Do vento ao longe vai caer rompido):

Doce albergue dos celtas ja pasados,
Salvaxe carballedal de Carballido,
Os teus antigos gallos tormentados,
Son dos salvaxes ventos sacudidos: [...]

Canto aos carballos como elementos da paisaxe vital e poética de Pondal, documéntanse con relativa frecuencia, sobre todo se tivermos en conta numerosas redaccións manuscritas que nunca viron a luz como poemas éditos polo propio poeta. Para alén dos *carballos cerqueiros* a que alude a "doce" Maimendos, filla do "boo" Contemunde, cando cualifica o castro Nemenzo como "o das uces montesías / e dos **carballos** cerqueiros" (QP 43.3-4), os carballos volven aparecer en redaccións manuscritas diversas como elemento de invocación en boca da fada Eirís ("Decía a doce Eiris / Mil vagoas vertendo, / Mirando os sonorosos, / Despoxados do inverno, / Mentres nas suas ramas / Triste fungaba o vento"):

Carballos, carbaliños,
Carbaliños cerqueiros,
Fillos da esquivia gandra
Men[gua]dos do inverno,
Q'estás de Cercaride
Sobre o garrido outeiro
Ou **carballos, carbaliños,**
Ou **carbaliños** cerqueiros¹¹.

Noutras elaboracións manuscritas de textos inéditos retornan os carballos como elemento estritamente descritivo; así en "Esteves" ("Estes son os carballos / [...] / Da pequeniña Esteves"¹², o mesmo que en múltiples versións conservadas na RAG dun poema en que aparece a figura dun seu criado, Farruco da Bouza, lugar caracterizado tamén pola presenza dos carballos¹³:

Ou boo Farruco da Bouza,
Q'esta no alto garrido:
A ben batida dos ventos;
A do modo montesío;
A dos **carballos** rateños,
Que fan mato conocido;

11. Os vv. 3-4 foron interliñados. Este fragmento forma parte dun poema inacabado que se conserva na RAG, que presenta moitas vacilacións, entre as que destaca unha variante de redacción para estes versos, de novo con algunhas alternativas de redacción:

Ou grupo de **carbaliños,**
De **carbaliños** cerqueiros,
Q'estades de Forcaride,
Sobre do aspero outeiro.

12. Trátase dun poema manuscrito, de difícil lectura, que foi editado (con erros lingüísticos e métricos) por A. Ricón (*Novos Poemas, op. cit.*, Texto 12, p. 20).

13. Estes versos presentan numerosas vacilacións e alternativas, propias das primeiras redaccións pondalianas, que tampouco non recolleemos.

Onde teñen os raposos
Seu noto reparo antigo [...].

Por outra banda, este *alto das Bouzas* é lugar citado tamén nun texto lírico que ten como motivo o regreso do poeta aos lugares nativos, nun poema de múltiples redaccións e diferentes versións das cais a edición da Academia Galega en 1935 selecciona unha en que aparece como texto acabado¹⁴. En tres fragmentos das numerosísimas elaboracións autógrafas desta composición, os carballos aparecen como un elemento caracterizador máis do *alto das Bouzas* (ou *da Bouza*), lugar nativo que non reconece ao poeta cando volve cargado de anos¹⁵:

1.
Subín o alto das Bouzas,
Que de follas rateñas
De cativos **carballos**
Cinge a redouza seca [...].

2.
Atopéino coma sempre
Cheo de follas gateñas,
De **carballos** e queiroas,
De tojos e de feitos [...].

3.
Todo cheo de suidades
Cheguei o alto das Bouzas,
Tan somente conocido
Pl'as humildes e probes queiroas,
E de **carballos** cerqueiros
Pr'algunhas rastreiras follas [...].

Así mesmo, nas redaccións manuscritas, conservadas na RAG, doutro poema (co título “Visón”, ou “La Visión”, dependendo das redaccións) aparecen os carballos con diferente función segundo dúas versións alternativas que nas edicións modernas pasaron acriticamente a engrosar a obra lírica de Eduardo Pondal. O estudo dos autógrafos pondalianos lévanos a considerar que na edición de Amado Ricón se mesturan as dúas redaccións, diferencia-

14. Vid. Academia Gallega, *Queixumes dos Pinos (2ª edición) y Poesías Inéditas de Eduardo Pondal*, La Coruña, Imp. Zincke Hermanos, 1935, pp. 252-253. Por outra banda, posteriormente A. Ricón publicou, como poemas completos e independentes, algunhas destas elaboracións manuscritas fragmentarias, todas elas pertencentes a un único texto pondaliano (vid. *Novos Poemas, op. cit.*, Texto 9, pp. 16-17; Texto 10, p. 18; Texto 21, p. 34).

15. Non recollemos as múltiples variantes que presentan estas elaboracións custodiadas na RAG.

das formal e metricamente por ser unha delas hexasilábica e a outra heptasilábica, aínda que compartindo rima toante en *e-o*¹⁶. Trátase da visión da fada Contemunde sobre a irmandade galego-portuguesa e os nobres feitos dos galegos: os carballos forman parte do marco natural desde onde Contemunde canta (cf. QP 26.1-8 para unha escena semellante):

O abrigo montesio
D'uns **carballos** cerqueiros,
Onde con grande forza
E brua e funga o vento,
O aterido e forte
Vagamundo gandreiro,
Staba a fada de Xallas
O seu fuso torcendo,
Contemunde garrida,
A dos longos cabelos,
Po-lo baixo cantando,
A[s] sua[s] mans movendo [...]

Da versión hexasilábica, con diferente desenvolvemento conceptual, parece formar parte un fragmento que foi incluído nos "Poemas inéditos" da Real Academia en 1935, onde aparecen os *carballos cerqueiros* formando parte da invocación da fada Contemunde¹⁷:

Gentis e garridos
Carballos cerqueiros,
Q'a veira do Dubra
Estades gemendo,
Estades bruando
Cos sopros do vento,
Certo as vosas follas
Ben vexo caendo,
Mas outras follas novas
Teredes co tempo:
Os feitos dos celtas
No olvido caéno,

16. Vid. *op. cit.*, pp. 40-42 (Texto 24, vv. 30-41). A refacción presentada polo editor mestura as dúas redaccións con graves incoherencias métricas e lecturas extremadamente defectuosas dos manuscritos pondalianos (cf., neste fragmento, *atrevido* por *aterido*, *gandreiro* por *gandreiro*, *E as súas* por *A[s] sua[s]*).

17. Vid. *op. cit.*, p. 219, onde se publica este fragmento como un poema acabado e algunhas alteracións importantes, para alén das gráficas, do orixinal pondaliano: 3: Q'a] Que â. 9: Mas] E. 15: sean] verán. 16: Nos] Dos.

Mas viran seus fillos,
Seus fillos non servos,
Que sean a gloria
Nos futuros tempos.

Mais importante do que estas presenzas esporádicas dos carballos en textos fragmentarios e/ou inacabados son aqueloutros poemas pondalianos en que estas árbores constitúen o motivo central da composición. Así acontece cun poema de *Queixumes* (QP 57), onde os carballos se asocian ao paso do tempo:

Carballos de Carballido,
cand'era rapaz deixeivos;
vin despois de muitos anos:
ja vamos vellos.

5 Pasáranse as alegrías
que trouguera o tempo ledo;
a moxedá fui pasada:
ja vamos vellos.

10 Eu teño os cabelos brancos,
vós ténde-los gallos secos;
os nosos días pasano:
ja vamos vellos.

En realidade, este poema desenvolve o mesmo motivo que xa aparecía nun poema anterior de *Queixumes*, expresado a través das palabras do bardo Gundar:

N'é a vellez a que causa
o fondo dolor que sinto,
pois que son do tempo voso,
carballos de Carballido
(QP 14.17-20).

Nesta mesma liña argumental debe ser considerada outra composición manuscrita no álbum de Carmen Martínez Morás, onde aparece o carballo como símbolo do paso do tempo, neste caso xa á altura de 1911 ou 1912¹⁸:

18. O poema, copiado no álbum de Carmen Martínez Morás, filla de Don Andrés Martínez Salazar, conservouse no Arquivo Martínez Morás e foi editado por vez primeira por R. Carballo Calero (*Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal, op. cit.*, pp. 195-196). Aínda que o autógrafo aparece datado en 1916, debeu ser escrito no álbum en 1912, como demostra o seu primeiro editor, pois a data "ten de estar trabucada. No mesmo album, páxinas adiante, figura unha poesía de Manuel Lugrís Freire, tiduada *Olla!*, e firmada na Cruña, 6/II/12".

Ti es rosa gentil, qu'en verde tallo
Temprana t'ergues en jardín florido;
Eu son un vello e hórrido **carballo**,
Do raio fulminado e destruído.

- 5 ¡Ah, quen fora naquel tempo pasado,
Cando o **carballo** tiña pompa ingente,
P'ra defender teu rostro delicado
E resguardar do sol túa pura frente!

Pódese aínda, finalmente, localizar o carballo nun poema manuscrito (RAG), neste caso con diferente desenvolvemento conceptual, xa que a árbore aparece directamente ligada á harpa do bardo pendente, no canto do habitual piñeiro¹⁹:

- Formosa e pendente
Do vello **carballo**
Está de Lourido
A harpa do bardo.
- 5 Os ventos que sopran
Dos cabos e fachos
As cordas agitan
Da harpa do bardo.
- 10 ¡Oh, cantos recordos
Do tempo pasado
Levantán os ventos,
Fugaces pasando,
Nas cordas gementes
Da harpa do bardo!²⁰

19. Sobre esta relación da harpa co piñeiro, vid. M. Forcadela, *op. cit.*, pp. 381-388.

20. Variantes: 9A: (Oh!) cantas lembranzas. 13A: (Nas cordas) sonoras. Existe unha redacción alternativa, menos elaborada, que presenta relacións con QP 50 e QP 52:

Pendente está a arpa,
Pendente a arpa está,
No vello **carballo**,
Do probe Gundar.
O vento pasando
Con forza sin par,
As cordas garridas,
As cordas bruar fai.
Que diran suas cordas
Que decir querran?

"FILLO CATIVO DA GANDRA"

Mais o carballo singular por excelencia na produción literaria pondaliana é aquel representado por un breve poema ("Fillo cativo da gandra") de complexa aventura editorial e aínda máis complexas orixes que nos propomos rastrexar a seguir.

1. A VERSIÓN DE 1901

A primeira versión desta composición foi publicada na revista literaria *Santiago* (Santiago de Compostela, año II, nº 1, 22.7.1901); de aquí pasou á *Revista Gallega* (A Coruña, nº 335, 18.8.1901)²¹, onde foi recollida por José Posse Villelga, que o publica na *Revista Contemporánea* (Madrid, t. CXXXVI, cuad. II, nº 364, 14.2.1903)²²:

Fillo cativo da gandra
Probiño carballo torto;
O que nació probiño,
Mais lle valera vir morto.

5 Dos ventos e da xiada,
Sin abrigo e sin conforto,
Desdichado e sin arrimo,...
¡Probe carballiño torto!

Desta versión consérvanse, tanto no Arquivo Parga Pondal como entre os papeis que Pondal legou á Real Academia Galega no momento da súa morte, varias redaccións manuscritas autógrafas, claramente filiadas ao texto da revista *Santiago*²³:

1 (RAG)
Fillo cativo da gandra,
Probe carballiño torto,
O que nació probiño,
Máis lle valéra vir morto.
Dos ventos e da xiáda,
Sin ^{abrigo}~~arrimo~~ e sin conforto;

21. Na *Revista Gallega* o poema preséntase con indicación da súa orixe ("Estas composiciones son reproducidas de la revista *Santiago*") e algunha alteración no texto: 1: gándra - 5: xiada.

22. Vid. "Regionalismo. Literaturas regionales. Literatura gallega", p. 167, onde aparece o texto con algunhas alteracións en relación ao texto inicial (1: gándra - 3: nació - 5: é...xiada - 6: é - 7: é; etc.).

23. Tentamos reproducir os manuscritos pondalianos con fidelidade, conservando os riscados e indicando os interliñamentos cun corpo de letra menor. Agás indicación contraria, todas as redaccións aparecen en papeletas de características e medidas diversas.

Sin amparo e sin arrimo...
¡Probe carballiño torto!²⁴

2 (APP)

Fillo cativo da gandra
Probe carballiño torto;
O que nació probiño,
Mais lle valera vir morto.

Da brétoma e
Dos ventos <giada> e da giada
Sin abrigo e sin conforto,
Desdichado e sin arrimo,

Estarrecido de frío
Probe carballiño torto!

3 (RAG)

Fillo cativo da gandra
Probe carballiño torto;
O que nació probiño,
Mais lle valera vir morto.

Sin amparo e sin abrigo,
Sin acougo e sin conforto,

Estarrecido de frío
Desdichado e sin arrimo
Abaneado do vento
Probe carballiño torto!²⁵

4 (RAG)

Fillo cativo da gandra,
Carballo feo e retorto
O que nació probiño
Mais lle valera vir morto.

Estarrecido de frío
Sin arrimo e sin conforto;
Que desdichado naceches
Probe carballiño torto!²⁶

24. O texto aparece encabezado con *Otra*, nunha papeleta que forma grupo coas das versións 8 e 14.

25. O texto, coa indicación *Otra*, foi escrito a continuación da redacción 12, na mesma papeleta.

26. Esta versión aparece no reverso da papeleta que contén tamén a versión 13.

5 (APP)

Fillo cativo da gandra,
Carballo <Probe> probiño e torto,
O que nació probiño
Aquel que nace probiño,
Mais lle valera vir morto
Probe de ti, carballiño

^{fortuna}
En corpo e ventura corto
Solo, triste, e magoado
^{aleixoado}
^{arrimo}
Desdichado e sin amparo
^{ventura}

Soiño e desamparado
Probiño carballo torto!

6 (RAG)

Fillo cativo da gándra,
Probe carballiño torto;
O que nació probiño,
Mais lle valéra vir morto.

Estarrecido de frío
-Atarecido de frío,
-Desfigurado co vento,
-Batido dos frios ventos
-Hirto da xiada e do vento
Desdichado e sin conforto,

^{abrigo}
Desvalido e sin arrimo
Sin amparo e sin arrimo,

¡Probiño carballo torto!²⁷

Posibelmente o texto presente na edición académica da poesía pondaliana²⁸ estea baseado nesta elaboración manuscrita, xa que a transcripción sistemática e a análise dos manuscritos do poeta conservados na Real Academia Galega en

27. O texto está escrito nunha papeleta pegada na páxina 14r do caderno *Dos Eidos, Dos Servos* (inicialmente titulado *Gandreiras*), que se conserva na RAG, con recortes impresos, papeletas manuscritas e escritos (autógrafos e apógrafos de diversa condición).

28. Vid. Academia Galega, *op. cit.*, p. 217, con correccións no v. 2 (Probe > Pobre), no v. 3 (O que... > Aquel que..., xa presente a lapis no manuscrito) e no v. 8 (Probiño > Pabriño), así como selección das diversas variantes para a segunda parte, en que se refai o sexto verso.

xeral, e do caderno *Dos Eidos, Dos Servos* en particular, non nos achegou o recorte, citado por Ricón, en que aparecería o texto da versión académica²⁹:

Fillo cativo da gandra,
Pobre carballiño torto;
Aquel que nació pobriño
Mais lle valera vir morto.

Batido do frío vento,
Sin abrigo e sin conforto
Desvalido e sin arrimo...
¡Pobriño carballo torto!

2. A VERSIÓN DE 1905

Catro anos despois da primeira publicación do poema na revista *Santiago*, aparece a segunda versión na revista *Coruña Moderna* (La Coruña, nº 16, 18.6.1905)³⁰, introducindo cambios, sobre todo na segunda parte da composición, en relación á primeira versión:

Fillo cativo da gandra,
Carballo pequeno e torto,
Quen vive tan solo e triste,
Máis lle valera vir morto.

5 Quédate na túa gandra,
Carballo cativo e corto,
Quédate con Dios, carballo,
Carballo, carballo torto!

Tamén desta versión se conserva unha redacción autógrafa na Real Academia Galega directamente vinculada coa versión publicada na revista coruñesa³¹:

29. Vid. *Novos Poemas, op. cit.*, p. 81 ("o texto que se atopa nos *Queixumes* da edic. do 1935, páx. 218, que saíu no ano 1907, cuido recorte está pegado nunha folla da libreta que leva o tiduo *Dos Eidos*, gardada na R.A.G.").

30. *Coruña Moderna* reproduce fotograficamente o autógrafa pondaliana, incluíndo a sinatura e a rúbrica do poeta.

Esta versión foi recollida por A. Ricón (vid. *Novos Poemas, op. cit.*, 81-82, Texto 45), cun erro no v. 6, onde aparece *torto* en lugar de *corto*, talvez por unha confusión inducida polo *torto* do v. 2.

31. No caderno *Dos Eidos, Dos Servos* (8v). Talvez esta constituíse a versión definitiva, destinada a formar parte da triloxía que Pondal preparaba nos últimos anos da súa vida (vid. M. Ferreiro, *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondencia)*, Santiago de Compostela, Ed. Laivento, 1991, pp. 292). A partir da edición deste manuscrito (sen indicación de variantes) feita por Amado Ricón (vid. *Novos Poemas, op. cit.*, Texto 19, p. 31), este texto foi incorporado, máis unha vez, á obra lírica de Pondal.

7.

Fillo cativo da gandra,
Carballo, carballo torto;
Ese teu fruto, carballo,
Mais lle valera vir morto.

Quédate na tua gandra,

Carballo cerqueiro corto,

~~Carballo cativo e torto;~~

Quédate con Dios, carballo,

~~Carballo feo e retorto.~~

O

Carballo torto e retorto

De todos os xeitos, para alén destas versións manuscritas autógrafas que presentan vacilacións de redacción en relación con cada unha das versións publicadas polo propio poeta en 1901 e 1905, existen outras dúas redaccións en que aparecen elementos que supoñen unha vinculación simultánea cos dous textos publicados. A versión conservada na RAG remítenos na súa primeira parte á versión publicada en *Coruña Moderna*, mentres que a segunda estrofa supón unha variación do texto publicado na revista *Santiago*:

8.

Fillo cativo da gandra,
Pro[be] carballiño torto;
Aquel que vive soño,
Mais lle valéra vir morto.

Avaneado do vento,
Sin arrimo e sin conforto,
Probe de ti, carballiño!
Probe carballiño torto!³²

Noutra versión conservada no APP³³ acontece á inversa, xa que é a segunda parte a vinculada á versión de 1905, fronte á primeira que mantén esencialmente a redacción de 1901:

9.

Esquivo fillo

Probe carballo da gandra

Fillo cativo da gandra

Carballo probiño e torto

32. A papeleta que presenta esta versión forma grupo coas das versións 1 e 14.

33. O texto en *itálica* supón un primeiro estrato de redacción, a *lapis* (riscada a segunda parte cunha *aspa*), cuxa parte central foi reescrita con tinta polo poeta.

O que nació probiño
+ Aquel que nace probiño
+ O que nace tan probiño

+ Quen nace tan probe e ^{feo} triste
Mais lle valera vir morto
Quedate na tua gandra
Carballo cativo e torto
Quedate na tua gandra
Carballo torto e retorto
~~*Carballo, carballo torto*~~

Mais con estas versións manuscritas aínda non se esgota o inventario de borradores do poema, xa que no APP e na RAG tamén aparecen outras redaccións que, con grande acumulación de versos alternativos, ilustran ben o horaciano desasosego criativo de Eduardo Pondal, así como o proceso de estilización que o leva a eliminar deste poema todo tipo de referencias biográficas á vila de Carballo, de xeito que o *carballo* presente nas dúas versións publicadas polo poeta, así como na maior parte das redaccións previas, encobre un anterior *Carballo* que facía referencia á capital de Bergantiños.

Un grupo destas redaccións manteñen as ideas básicas e o isosilabismo das versións definitivas. Talvez a primeira destas redaccións sexa a conservada no APP, que comeza cunha formulación que se pode vincular directamente coas edicións publicadas para acabar cun desenvolvemento en que xa aparece Carballo xunto coa alusión directamente xeográfica á *gandra de Eiroa*:

10.
1º
Fillo cativo da gandra
Carballo probiño e torto;
Aquel que nacio
O que ^{nacio} nace tan probiño

Mais lle valera vir morto
Quedate na tua gandra
Carballo, carballo torto

Carballo ^{probiño} pequeno e torto
Quedate na tua gandra
Carballo torto e retorto

2º
Quedate na tu[a] gandra,
Carballo en fortuna

Con fortuna e corpo corto,
Quedate na tua gandra
Probiño carballo torto;
Carballo torto e retorto
 carballo

Fillo da gandra d'Eiroa
Esquivo fillo da gandra
Carballo cortiño e torto

O q'en ti nace
Quen de ti nace, Carballo
Mais lle valera vir morto

Quedate na tua gandra
Carballo ¿na gandra? corto
Quedate con Dios Carballo
Carballo torto e retorto
Carballo ~~torto e~~
 , carballo torto

Unha segunda redacción, conservada no APP³⁴, está relacionada coa primeira do Caderno *Dos Eidos, Dos Servos* (vid. *supra*):

11.
Fillo cativo da gandra,
 *
 * *
 carballo
Carballo, ~~cativo e~~ torto,...
~~Ese teu fruite~~
~~Quen en ti mora carballo,~~
Cando naceches, carballo
Mais ~~lle~~ valera vir morto
 che
Quédate na tua gandra,
Carballo cativo e torto,
Quedate, carballo torto
 con Dios Carballo
Quédate na tua gandra,
Quédate con Dios Carballo,
Carballo torto e retorto.
 tan sin amparo,
Quen vive desamparado

34. As variacións finais dos primeiros versos foron escritas, con letra máis deficiente, posteriormente, tras a sinatura *E Pondal* (rubricada).

tan probe e triste
feo
O que vive tan probiño
naceu indigente

Na Real Academia Galega tamén se conservan diversas redaccións que presentan esta alusión á vila de Carballo³⁵:

12.
Fillo cativo da gandra,
Carballo feo e retorto;
Quen en tí mora, Carballo,
Mais lle valera vir morto.
Carballo de cara dura
~~Sin arrimo e sin~~
Estarrecido frio de frio
Sin abrigo e sin conforto;
Vallant'os
Esquivo e sin cortesia
Véigant'os demos, Carballo,
Carballo, Carballo torto!³⁶

13.
Fillo cativo da gandra,
Carballo feo e retorto;
Quen en ti mora, Carballo
Mais lle valera vir morto.
Arrupiado de frio
Estarrecido de frio
Tolleito do vento frio
Sin abrigo e sin conforto;
Véigant'os demos, Carballo,
Carballo, Carballo torto!³⁷

14.
Fillo da gandra d'Eiroa
De mirar áspro e retorto;

35. No último verso dos dous primeiros textos *Carballo* corríxe un anterior *carballo*.

36. O texto aparece na mesma papeleta que contén a versión 3. O último *Carballo* do derradeiro verso foi inicialmente escrito con minúscula (cf. n. 37).

37. Esta redacción aparece no reverso da papeleta que contén a versión 4. Tamén o último *Carballo* do derradeiro verso foi inicialmente escrito con minúscula (vid. n. 36).

Quen en tí se ^{nació} fia, Carballo
O que ten trato contigo,

Mais lle valéra vir morto.

Esquivo e sin cortesía,
Desleigado e sin

Sin agasallo e conforto;
Do corazon descorforto [sic],

Veigante os demos, Carballo,
Carballo, Carballo torto...!³⁸

Outras dúas redaccións, conservadas no APP, caracterízanse pola introdución dun verso longo, hendecasilábico, feito que, en principio, caracteriza un estrato posterior de escrita en Pondal:

15.

O pé da gandra d'Eiroa

Co teu vecindario corto

Cabo da gandra d'Eiroa

Co teu vecindario corto

O home q'en ti nacera,

Mais lle valera vir morto

Como naceche antr'os toxos,

Es un montesío aborto,

Non tes un pensamento

Nin pensas na tua vida

Non tes un pensamento

Que non sea un pensar oblicuo e torto

Quédate con Dios Carb.

Do mirar de traves

Co teu feo mirar torto e retorto

^{Dura}
~~Probe~~ vila de Carb.

Triste lugar sin conforto,

~~Probe vila de Ca~~

Tí n'es carballo dereito

Mas eres carballo torto.

tan soo

38. Esta redacción aparece encabezada con *Otra*, nunha papeleta que forma grupo coas das versións 1 e 8.

Como naceche antr'as uces,
Es un montesío aborto,
Eres desmedrado e corto,
E non tes un pensamento
E mesmo pensar non podes
Que non sea un pensar oblicuo e torto

16.
Carballo, carballo torto,
^{Cabo}
Fillo da gandra d'Eiróa,
E de frio medio morto,
Probe, rebillento e corto:
Sin follas, de frio morto:
Cativo, nudento e corto:
Medio vivo e medio morto,
Ca xiada medio morto
Sin follage probe e corto,
Quedate con Dios, carballo
Co teu feo mirar, fusco e retorto.

Finalmente, aínda existe na RAG unha versión intermedia que, baixo o título "Eyroas", presenta tamén un verso longo, mais non existe alusión a Carballo, aínda que si continúa a referencia xeográfica indirecta por meio do título:

17.
Carballo, carballo torto
Nacido o pé d'unha gandra,
Nado o pe da fria gandra,
Sin arrimo e sin conforto;
Polo-los ventos aterido,
Medio frio e medio morto;
Ay de ti, probe carballo,
Quédate con Dios, carballo,
Cheo de feos nóos, probe e retorto
Co teu feo mirar, fusco e retorto.

A VILA DE CARBALLO COMO PANO DE FONDO

A vila de Carballo, a capital de Bergantiños, nunca directamente citada na obra pondaliana en contraste con numerosísimos topónimos (a antropónimos de base toponímica bergantiñá) que aparecen na obra de Eduardo Pondal, constituíu a súa residencia arredor dos anos 1890-92, talvez por razóns sentimentais, con breves estancias na Ponteceso, Coruña e Laxe³⁹. O certo é que de alí marchou “a la francesa”, como lle di en carta de 17 de Decembro de 1892, Romualdo Varela desde Carballo⁴⁰.

Seguramente produto, pois, desta estancia en Carballo e talvez dalgún acontecemento biográfico negativo para o poeta é esta composición “Fillo cativo da gandra” que presenta dúas versións impresas en vida do poeta, así como innúmeras redaccións manuscritas conservadas no Arquivo Parga Pondal e mais na Real Academia Galega. Deste xeito, móstrase como, máis unha vez, é necesario o coñecemento apurado de todos os textos, mesmo as redaccións previas, de Eduardo Pondal para unha cabal interpretación literaria que, ás veces, aparece limitada polo descoñecemento das referencias reais da composición⁴¹: como en grande parte da poesía pondaliana tamén neste poema, como en tantos outros, existe unha ligazón, máis ou menos velada, entre acontecementos biográficos e escrita poética.

Por outra parte, a fortuna editorial desta composición mostra a necesidade dunha revisión completa, traballo en que estamos empeñados, de toda a produción pondaliana para, dese xeito, discriminar axeitadamente o carácter e a tipoloxía dos textos atribuídos a Eduardo Pondal. No caso desta composición, máis unha vez se percebe un proceso de acumulación acrítica de materiais de moi diversa condición⁴², xa que na considerada “vulgata” pondaliana conviven acriticamente tres versións diferentes do poema⁴³: a edición de 1905 (derradeira publicada por Pondal), a refacción académica de 1935 (tirada dunha das varias redaccións autógrafas) e o texto manuscrito publicado en 1971 (sobre outro dos autógrafos do poeta).

39. Vid. M. Ferreiro, *Pondal: Do dandysmo á loucura*, op. cit., pp. 48-50.

40. Cf. *ibid.*, p. 171 (carta CXIV).

41. “Outro aspecto salientable da noción de fortaleza física das árbores en Pondal é o despreccio que o poeta mostra polas árbores eivadas ás que aconsella a desaparición física”, ou “Na segunda versión deste poema [alude ao texto de *Coruña Moderna*] o poeta parece aludir ó carácter gregario da árbores como unha virtude, desprecia por esta causa a árbore solitaria” (cf. M. Forcadela, *A harpa e a terra. Unha visión da poesía lírica de Eduardo Pondal*, Vigo, Ed. Xerais, 1988, pp. 83-84).

42. Vid. E. Pondal, *Poesía Galega Completa*, op. cit., pp. IX-XI.

43. Vid. E. Pondal, *Queixumes dos pinos e outros poemas*. Ed. ó coidado de Xavier Senín, Vigo, Ed. Galaxia, Biblioteca Básica da Cultura Galega, 1985, pp. 142, 243, 281.